

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **TOMIÑO**

#### **Ordenanzas e Regulamentos**

##### *ORDENANZA CONSELLO XUVENIL*

*PUBLICADO O BOPPO DO PASADO 25 DE NOVEMBRO 2020 Nº 228 O EDICTO POLO QUE PROCEDIASSE A ABRIR O PRAZO DO EXPEDIENTE DE APROBACION INICIAL DO SEGUINTE REGULAMENTO SEN QUE NO CITADO PRAZO SE PRESENTARAN RECALAMACIONES NIN ALEGACIONES ENTENDESE O ACORDO INICIAL COMO DEFINITIVO PROCEDIENDOSE A PUBLICACION DO MESMO NO BOPPO PARA A SUA ENTRADA EN VIGOR*

#### **APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE TOMIÑO**

O Concello de Tomiño foi nomeado Cidade Amigo da Infancia no ano 2018. Dende esa data, o compromiso coa participación dos nenos e nenas ten sido unha sinal de identidade deste goberno e queremos que a participación sexa transversal e que poida chegar a todas as áreas de goberno.

Un instrumento importante para articular esta participación ten sido o Consello Municipal da Infancia e Adolescencia chamado Voces Novas que a causa da pandemia tivo un período de inactividade.

Agora mesmo, e grazas aos medios dixitais, ten experimentado unha reactivación que comeza entre outras a traer ao pleno un regulamento elaborado por eles mesmos para o seu funcionamento.

Borrador do regulamento do Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do Concello de Tomiño.

A Constitución española no seu artigo 9.2 establece que corresponde aos poderes públicos facilitar a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

A Convención sobre os Dereitos da Infancia, adoptada por Nacións Unidas en 1989 e ratificada por España en 1990, recolle o dereito de infantes e adolescentes a ser escoitadas/os e tidas/os en conta en todos os asuntos que lles concirnen. O recoñecemento de nenas, nenos e adolescentes como suxeitas/os do dereito a participar de forma efectiva en distintos ámbitos encóntrase explícito nos artigos da Convención comprendidos entre o 12 e o 17:

- Artigo 12: a opinión do neno e da nena.
- Artigo 13: a liberdade de expresión.
- Artigo 14: a liberdade de conciencia, pensamento e relixión.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

- Artigo 15: a liberdade de asociación.
- Artigo 16: a protección da vida privada.
- Artigo 17: o acceso a unha información axeitada.

A ratificación da Convención obriga ao seu cumprimento e por iso os distintos niveis da Administración foron axeitando progresivamente o sistema de Atención social á infancia e adolescencia aos principios que esta establece. Tamén dende a Administración Local débese de traballar intensamente en favor destes dereitos.

A partir da aprobación da Convención, as distintas lexislacións estatais e autonómicas foron integrando nas súas lexislacións o contido destes artigos. Repasando o articulado da lexislación española, todas as leis reflectiron de forma explícita o artigo 12 da Convención.

A Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do/a Menor, modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil, establece unha ampla serie de dereitos no título 1:

- Dereito á honra, á intimidade e á propia imaxe (art.o 4).
- Dereito á información (art.o 5).
- Dereito á liberdade ideolóxica (art.o 6).
- Dereito de participación, asociación e reunión (art.o 7).
- Dereito á liberdade de expresión (art.o 8).
- Dereito a ser oída/o e escoitada/o (art.o 9).

## Título 1- Disposicións xerais

### Artigo 1. Natureza e definición

O Consello Municipal da Infancia e adolescencia inspírase na Convención dos Dereitos da Infancia e xorde como unha necesidade de coordinar as actuacións nesa materia para garantir eses dereitos, entre os que se inclúe o da participación das nenas e nenos e adolescentes en ditas actuacións.

De conformidade co que establece a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, créase o Consello Municipal da Infancia e da Adolescencia do Concello de Tomiño, que terá as competencias, as funcións e a estrutura que establece este regulamento.

O Consello Municipal da Infancia e adolescencia do Concello de Tomiño é un órgano participativo, consultivo e asesor, de carácter vinculante, que dota de estrutura á participación activa por parte da infancia e da adolescencia na vida política do seu municipio. Pretende constituírse como un espazo que facilite a coordinación e colaboración entre as administracións e a xente nova para contribuír ao establecemento de canles de participación para poder tratar todos aqueles asuntos que lles afecten de maneira directa ou indirecta, ademais dos intereses que lles poidan influír na súa vida cotiá.



**Artigo 2. Obxectivos**

- Atender as necesidades e intereses do colectivo de nenas, nenos e adolescentes de Tomiño.
- Favorecer a participación das nenas, nenos e adolescentes no deseño das políticas municipais, tendo en conta os seus propios criterios, opinións e expresións nos asuntos que lles afecten.
- Promover o coñecemento, divulgación e concienciación dos dereitos e deberes da infancia e adolescencia así como os dereitos e deberes de todas as persoas adultas para coa infancia.
- Fomentar unha cultura de participación democrática das nenas, nenos e da xente nova no seu municipio.
- Estimular as nenas, nenos e adolescentes a aceptar a responsabilidade que lles corresponde para contribuír á vida da súa comunidade, así como a desenvolver un pensamento crítico.

**Artigo 3. Funcións**

- Exercer de órgano de participación e de canle de comunicación entre nenas, nenos e adolescentes e o Concello.
- escoitar e trasladar todas aquelas demandas, queixas ou suxestións que nenas, nenos e adolescentes fagan chegar a través das persoas representantes no Consello.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación do Plan Municipal de Infancia e Adolescencia vixentes e futuros.
- Recibir información sobre aquelas propostas ou actuacións que o Concello leve a cabo en calquera tema que poida ser de interese para a infancia e a adolescencia.
- Propoñer ao Concello as medidas que o Consello Municipal da Infancia e da Adolescencia considere oportunas na busca do benestar de nenas, nenos e adolescentes de Tomiño.
- Impulsar a colaboración con outras Administracións públicas competentes na materia, así como con aquelas entidades que desenvolvan actividades no eido das nenas, nenos e adolescentes.
- Impulsar o cumprimento dos dereitos da infancia.
- Cooperar coas entidades públicas e privadas no desenvolvemento de programas, actividades e campañas informativas e de divulgación relacionadas coa infancia e a adolescencia.
- Favorecer a participación activa, tanto no ámbito social, político como cultural, de todas as persoas menores actuando como interlocutor válido do colectivo ante os poderes públicos.
- Coñecer o programa anual de actuación e os recursos destinados a Infancia e Adolescencia.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

- Designar as comisión de traballo que se consideren convintes para temas concretos, así como ás persoas que as integran.
- Solicitar puntualmente o asesoramento de calquera persoa ou entidade respecto daqueles aspectos que se considere convintes.
- O Concello facilitará o Consello a información necesaria para engadir o cumprimento das función encomendadas.

## **Título 2 - Composición, funcións e elección dos seus representantes.**

### **Artigo 4. Composición do Consello municipal de infancia e adolescencia**

4.1 O Consello municipal da Infancia e Adolescencia estará composto polos seguintes membros:

*A Presidencia:* será exercida pola Alcaldesa ou Alcalde, podendo delegar o exercicio do cargo na Concellería que considere convinte.

*A Secretaría:* estará ocupada por persoal municipal e será designada pola Presidencia do consello.

*Vogalías infantís:*

Dúas nenas/os por cada colexio ou grupo parroquial adxunto a un centro educativo, que residan ou estuden no municipio, en representación dos grupos creados en relación aos seus centros de estudos, e que serán elixidas/os democraticamente entre todas/os os integrantes.

As persoas representantes deberán presentar unha autorización asinada polas nais/ pais ou titoras/es para a súa participación no Consello e asistencia as sesións.

*Vogalías adultas (con voz pero sen voto):*

Antigas/os representantes do Consello que superaron a maioría de idade, coa función de asesoras/es (ata os 25 anos).

Unha persoa representante de cada grupo municipal existente na Corporación.

Unha persoa representante das Asociacións de Nais e Pais de Alumnos dos centros educativos do noso municipio.

Solicitarase de Unicef o nomeamento dunha persoa en calidade de asesora permanente deste órgano.

Ademais poderán asistir todas as persoas, entidades e persoal técnico municipal das área implicadas no Plan Municipal de Infancia e Adolescencia que se considere en función do tema a tratar, convidadas polo Consello ou a Presidencia.



## Artigo 5. Funcións

### 5.1 Son funcións da Presidencia:

- Presidir ó Pleno do Consello e coordinar a súa actividade.
- Fixar a proposta da orde do día, convocar e moderar as reunións do pleno do Consello.
- Dirimir as votacións en caso de empate co seu voto de calidade.
- Garantir a participación de nenas, nenos e adolescentes no consello.
- Coordinar a relación do Consello cós Órganos do Goberno e Xestión municipal e co resto de Consellos Municipais e/ou administracións.
- Exercer cantas outras funcións sexan inherentes a súa condición de Presidenta do Pleno do Consello, ou lle sexan encomendadas polo mesmo.

### 5.2. Son funcións da Secretaría:

- Facilitar as persoas vogáis toda información e asistencia técnica que for precisa para o mellor desenvolvemento das funcións a elas atribuídas.
- Asistir ás sesións do Consello, con voz pero sin voto.
- Efectuar a convocatoria das sesións do Pleno do Consello da infancia e adolescencia por orde da Presidencia, así como as citacións aos seus componentes, achegando a documentación necesaria.
- A secretaria do Consello, someterá a acta á a probación deste na seguinte sesión que se celebre. As actas serán públicas e estarán a disposición de todas as persoas que o requiran.
- Expedir certificacións dos ditames e acordos aprobados.
- Custodiar e remitir copia das actas.
- Calquera outra función inherente ao seu cargo.

### 5.2. Son funcións das/os vogais:

- Recibir, cunha antelación mínima de dez días hábiles, a convocatoria coa orde do día das reunións, salvo as convocatorias de carácter extraordinario, que se poderán realizar con corenta e oito horas de antelación.
- Asistir ás reunións e participar nos debates expondo a súa opinión e formulando as propostas que estimen pertinentes.
- Exercer o seu dereito ao voto, así como expresar o sentido do mesmo e os motivos que o xustifican.
- Propor á Presidencia, a través da Secretaría do Consello, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular rogos e preguntas.
- Achegar a información relativa ao seu ámbito de representación que o Consello lle requira.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

- Recibir información de canto aconteza no Consello e que interese para o bo funcionamento do mesmo.
- Participar naquelas comisións técnicas propostas no marco do Consello.
- Transmitiren os debates e acordos do Pleno do Consello aos seus grupos de orixe.

### **Artigo 6. Elección, renovación e suplencia das persoas integrantes do Consello.**

**6.1** A Presidenta/e e secretaria/o serán elixidos en función do seu cargo, sendo o seu mandato coincidente por catro anos en función do mandato electoral.

**6.2.** As nenas/os e/ou adolescentes vocais do Consello serán elixidos democraticamente polas súas compañeiras/os nos distintos grupos da localidade.

O proceso electoral será organizado pola persoa técnica responsable da coordinación do Consello, considerando aspectos de xénero, equidade e inclusión social.

Os requisitos para formar parte deste proceso son: residir ou estudar no municipio, ter menos de 18 anos, voluntariedade e contar co consentimento de quen ostente a patria potestade ou a garda e custodia para participar no Consello.

O seu cargo terá unha duración de 2 anos, podendo ser reelixidos/as.

**6.3.** Cada representante terá un/a suplente elixido/a có mesmo procedemento que a persoa titular.

**6.4.** En caso de ausencia ou enfermidade e en xeral cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares poderán delegar o seu voto noutro membro mediante a correspondente acreditación ou ser substituídos polos seus suplentes, previa acreditación ante a Secretaría do Consello.

### **Título 3 - Funcionamento do Consello municipal de infancia e adolescencia.**

#### **Artigo 7. Funcionamento e periodicidade de reunións**

**7.1.** O Pleno do consello municipal de infancia e adolescencia reunirse con carácter ordinario polo menos dúas veces ao ano (unha delas preferentemente no mes de Novembro), podendo convocarse con carácter extraordinario por decisión da Presidencia, a petición dun terzo dos membros do Consello, ou por acordo unánime do grupo de participación.

As sesións ordinarias do Consello serán convocadas cunha antelación mínima de dez días hábiles e con corenta e oito horas, se é extraordinaria, acompañadas da Orde do día, hora e lugar de celebración, e, no seu caso, da documentación suficiente.

**7.2.** O Consello considerarase validamente constituído en primeira convocatoria cando asista polo menos a metade máis un dos membros con dereito a voto e en segunda convocatoria, media hora despois, calquera que sexa o número de membros asistentes con dereito a voto, sempre que non sexa inferior a dez. En calquera caso é imprescindible a asistencia da Presidenta/e e a Secretaria/o.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: VQIN14ITCFK8YLOW



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

**7.3.** O Consello adoptará os Acordos por maioría simple, sendo o voto persoal e indelegable. En caso de empate decidirá o voto de calidade da Presidenta/e.

**7.4.** O grupo de participación do Consello da infancia e adolescencia de Tomiño chámase Voces Novas.

Voces Novas é un órgano de participación exclusivamente formado por persoas menores de idade e acompañadas por, no mínimo, una persoa técnica ou do equipo municipal. Realizaranse sesión de traballo antes de cada reunión do Consello da infancia e adolescencia. As decisións tomadas por este grupo de participación trasladaranse ao Pleno do CIA, tendo estas un retorno por parte das persoas tomadoras de decisión no prazo que se estipule.

Os obradoiros de participación que se realizarán nos espazos acordados en función da procedencia das persoas participantes, estarán integrados por nenas, nenos e adolescentes que voluntariamente desexen formar parte do mesmo, coa única finalidade de facer efectivo o seu dereito a ser escoitadas/os en relación con todos os asuntos municipais que lles afecten.

Estes grupos de participación infantil reuniranse sempre que sexa preciso, e de considerarse necesario, dividiranse en seccións para agrupar ás nenas e nenos en función da súa idade, lugar de residencia, etc.

O Concello realizará actividades de información para que pasen a formar parte deste grupos todas as nenas/os que o desexen sen ningún tipo de discriminación, considerando un enfoque de xénero, de equidade e inclusivo.

Voces Novas contará cun regulamento específico de funcionamento avalado polos propios nenos, nenas e adolescentes. ( Proposta no anexo I)

**7.5.** Comisións. En caso de que o CIA o determine, poderanse conformar grupos de traballo específicos asociados a un tema determinado e/ou a un grupo de idade concreto. As comisións serán dinamizadas por persoal técnico e terán una duración, función e composición determinada polo CIA.

## **Artigo 8. Motivos causantes de baixa**

Nenas/os e/ou adolescentes serán causantes de baixa: ao cumprir os 18 anos ou ben transcorrido o seu período electivo.

No caso dos representantes políticos, serán baixa cando cumbran o seu período electivo.

No caso do resto de integrantes do Consello serán baixa cando así o manifesten por escrito á Presidencia e asegurando a súa suplencia.



Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

**Artigo 9- Nome e imaxe**

A denominación baixo a que se recoñece ao grupo de participación do Consello da Infancia e Adolescencia de Tomiño, así como o logotipo polo que se identifica, foi elixido polo Consello, por maioría absoluta. En caso de querer realizarse alguna modificación, terá que ser proposta pola presidencia en reunión ordinaria.

*DISPOSICIÓN FINAIS**PRIMEIRA*

En todo o non previsto por este regulamento, corresponde á presidencia do CIA adoptar a decisión que considere máis axeitada consonte cos criterios xerais que inspiran as normas reguladoras deste, informando ao Consello na seguinte sesión para a súa ratificación, e propoñendo, se procede, a correspondente modificación do propio regulamento.

*SEGUNDA*

O presente regulamento entrará en vigor una vez publicado íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65,2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

*ANEXO I- Proposta de regulamento de Voces Novas.**Funcionamento:*

Reuniranse como mínimo dúas veces ao mes, para traballar nas propostas a tratar.

Estás reunións serán itinerantes e escollerase o lugar e a data da seguinte reunión na última que celebren.

A assemblea será a forma deste grupos (non haberá figuras de poder).

Estarán acompañadas/os de unha persoa técnica ou do equipo municipal.

*As/os voceiros*

Deberán reunirse unha vez ao mes para por en común o traballo que están a realizar os distintos grupos, e para tratar todos aqueles aspectos que sexan necesarios.

Trasladarán todo o que aquí se acorde ao Pleno do Consello e a súa vez deberán trasladar toda a información que éste lles proporcione aos grupos de traballo.

A súa representación terá a vixencia de 2 anos, podendo ampliarse 2 mais se volve a ser elixida/o.





Xoves, 18 de febreiro de 2021

Núm. 33

O proceso de elección dos/as voceiros/as garantirá o voto secreto, a participación de todas as persoas e a pariedade de rapazas e rapaces. Para este fin, escolleranse en cada centro educativo ou conxunto parroquial asignado a un centro educativo, 2 voceiras/os e 2 persoas suplentes. Estas catro persoas poderán alternarse na representación nas reunións tanto de representantes como do CIA.

\*Poderán contar en todo momento coa axuda e asesoramento das/os antigas/os integrantes de Voces Novas maiores de idade.

Obra o correspondente dictamen da comisión informativa

Sometida a proposta a votación a mesma é aprobada pola unanimidade dos 17 concelleiros desta corporación.

A Alcaldesa asdo Sandra González Alvarez

